

PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1ºESO

SEGUIMENTO:

Programarase unha reunión ao inicio de curso, na que se explicará o horario de titorías e os criterios de avaliación, e se entregarán as actividades establecidas no plan de pendentes de cada alumno/a. Para o seguimento se creará unha materia en EDIXGAL a con todo o material preciso e se establecerá unha hora de titoría semanal para resolución de dúbidas e entrega de actividades.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA 1ª e 2ª AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición dos obxectivos. Os pesos para o cálculo da nota final da 1ª e 2ª avaliación estarán representados por:

- **50% Boletín** de actividades de recuperación
- **50% Proba escrita.**

A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. No caso de decimais na nota de cada avaliación, as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN

- Se o alumnado ten superadas as 2 avaliacións anteriores, a cualificación da 3ª avaliación será a **media aritmética da 1ª e a 2ª avaliación**, e coincidirá coa cualificación da avaliación final.
- Se o alumnado non ten superado o curso, deberá presentarse á proba escrita final de recuperación de maio. A nota da 3ª avaliación se correspondera coa cualificación da proba escrita de recuperación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL:

A nota da avaliación final será calculada como a **media aritmética da 1ª e 2ª avaliación**. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. No caso de decimais na nota de cada avaliación, as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS:

Cando un estudante teña algunha avaliación suspensa, se establecerá un **novo prazo de entrega do boletín de actividades de reforzo** como mecanismo de recuperación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. No caso de decimais na nota de cada avaliación, as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL:

Se o alumnado non supera a avaliación final tras rematar a ampliación do prazo de entrega de boletíns, realizará unha **proba escrita de recuperación dos criterios de avaliación das avaliacións non superadas** recollidos no seu plan. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. No caso de decimais na nota de cada avaliación, as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.